

**PREGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO
DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RECOLLIDAS NO PROGRAMA
EDUCATIVO DO O OO.AA. MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO.****CONTIDO**

1. Obxecto do contrato.
2. Funcións do persoal.
3. Obrigas do contratista.
4. Requisitos de titulación do persoal.
5. Orzamento e material.

Anexo: Programa Educativo Vigozoo 2015-2016

1.- OBXECTO DE CONTRATO.

O presente Prego de Prescricións Técnicas, anexo ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares é parte integrante do mesmo, ten por obxecto regular a prestación do servizo por parte do adxudicatario do contrato de contratación do responsable e equipo de monitores necesarios para o desenvolvemento das actividades educativas recollidas no programa de educación ambiental en vigor e que se adxunta a este prego de cláusulas administrativas.

A finalidade última do contrato é a consecución dos máximos niveis de desenvolvemento das actividades educativas enmarcados no proxecto educativo, integrando os recursos humanos dedicados especificamente a tal fin e os recursos materiais, co obxectivo principal da concienciación aos visitantes da conservación da biodiversidade.

2.- FUNCÍONS DO PERSOAL.**2.1. Funcións administrativas de coordinación. (1.000 horas)**

A empresa debe cubrir como mínimo 1.000 horas de coordinación administrativas, que deberán realizarse nas instalacións do propio parque zoológico de forma presencial, cun horario de 4 horas diarias preferentemente de 10:00 a 14:00 horas os días laborables. Salvo autorización expresa dos responsables do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo, as horas administrativas non poderán permutarse ou intercambiarse por horas de execución e monitoraxe.

As actuacións administrativas a realizar serán as seguintes:

- a) Elaboración e revisión anual das actividades recollidas no Programa de Educación Ambiental en vigor. Elaborar propostas de modificación e novas



actividades e contidos do Programa de Educación Ambiental para a súa valoración e aprobación por parte do técnico responsable do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo e a súa execución posterior, tomando decisión motivadas e fundamentadas en función da mellora da participación e desenvolvemento das mesmas, materiais, datas, etc. e marcando a liña estratéxica de evolución e obxectivos a acadar nas mesmas. O obxectivo principal do Departamento de Educación é a concienciación dos destinatarios fronte a importancia da conservación da biodiversidade.

- b) Elaboración e desenvolvemento dos proxectos individuais para cada actividade educativa que se realice. Creación da programación documental para as actividades a desenvolver que recolla como mínimo os obxectivos, destinatarios, recursos humanos, recursos materiais, cronograma, metodoloxía, avaliación e os que se requiran dende a dirección.
- c) Elaboración dunha memoria anual de actividades e memorias adicionais. Elaboración da memoria anual de actividades para presentar ao técnico responsable do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo que resuma as actividades desenvolvidas e a participación acadada. Ademais cando sexa necesario, deberá elaborar memorias que recollan actividades individuais que pola súa importancia así o requiran.
- d) Asignación de tarefas e supervisión do horario de traballo do equipo. A empresa será a responsable de optimizar os recursos humanos e materiais, asignando e priorizando as múltiples tarefas diarias a cada membro do equipo e creando un programa de traballo que garanta a consecución dos obxectivos no tempo acordado. Ademais supervisará o horario de traballo e fará as pertinentes modificacións e propostas, tendo en conta días libres, baixas ou vacacións dos membros do equipo.
- e) Deseño, coordinación e supervisión de actividades puntuais de divulgación e promoción. Dentro de este apartado englobanse as actividades ordinarias non recollidas no programa de educación ambiental, coma por exemplo: concursos, programas especiais, exposicións, asistencia a feiras, congresos, eventos, etc. E que a súa execución obedece e dependerá das necesidades propias do parque, podendo realizarse ou non.
- f) Deseño, realización e supervisión dos paneis, trípticos e folletos informativos e educativos. A necesaria creación e renovación da cartelería do parque supervisada polo do técnico responsable do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo, ven dada por diversas razóns (aumento da colección zoolóxica, aumento da información educativa, novas instalacións, etc...). A empresa baixo a supervisión do técnico responsable do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo será a responsable da adecuación dos contidos, información e deseño integrado no parque dos distintos tipos de paneis.
- g) Atención directa e coordinación das reservas dos centros escolares realizadas no servizo de taquilla. Contactar cos responsábeis dos grupos escolares, presentando a visita e as instalacións e sendo o nexo de unión cos educadores. Debido á prioridade das actividades educativas, no caso de forza maior o coordinador deberá realizar os labores de monitor nas actividades

pertinentes, ademais de supervisar o programa de reservas para o seu correcto e adecuado funcionamento.

- h) Relacións públicas e publicidade. Divulgación aos medios de comunicación as actuacións das que é responsable o departamento de educación, e as relacionadas con eventos que o Organismo considere oportuno baixo a supervisión do técnico responsable do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo.
- i) Mantemento da páxina web, blog e redes sociais en colaboración e asesoramento na súa renovación e mellora. O equipo educativo será o responsable do bo mantemento dos contidos educativos e divulgativos da páxina web, no blog de amigos de Vigozoo e nas redes sociais activas de Vigozoo (Twitter, Facebook e Youtube).
- j) Xestión dos abonados de Vigozoo e xestión do club de amigos de Vigozoo. O equipo educativo levará o peso das xestión, realización, renovación e baixa dos abonados de Vigozoo e do club da amigos de Vigozoo. Para o cal disporá de acceso ás aplicacións informáticas necesarias e deberá a cumprir o establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- k) Cursos de formación, formación continua do equipo educativo e tutela do educadores en prácticas. A empresa adxudicataria será a responsable de realizar un curso de formación aberto, de carácter anual e de 20 horas de duración, dirixido a posibles futuros educadores e cun contido que versará sobre a educación ambiental no parque zoológico e a súa ligazón co resto de áreas de traballo do mesmo. Ademais, será a encargada da formación do equipo de monitores, do equipo de bolseiros e do persoal en prácticas, dándolles a coñecer a dinámica de traballo e os contidos educativos a tratar en cada actuación. Este período de formación inclúe o necesario para a preparación e execución das actividades.
- l) Coordinación das actuacións levadas a cabo polo voluntariado ambiental dentro dos proxectos ligados a Vigozoo. A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar aos voluntarios dentro do programa de voluntariado ambiental dentro dos proxectos seguintes: Actividades formativas, colaboración no Departamento de Educación Ambiental, proxecto píntega, estudos de comportamento de fauna en captividade, enriquecemento ambiental en Vigozoo e proxecto hipocampus.
- m) Novas actuacións. Resérvase unhas horas de coordinación e administración para a realización e coordinación de novas actuacións educativas.

A totalidade de horas presenciais adicadas a labores administrativas serán como mínimo de 1.000 horas anuais.

A efectos orientativos preséntase a seguinte táboa que recolle a proposta horaria de actuacións de coordinación e administración a desenvolver:

Táboa 1.1 (Estimación horaria das actividades de coordinación e administración a realizar ano 2015-2016)

Activida de	Descrición	Proposta estimada de horas anuais por actividade
A	<i>Elaboración e revisión anual das actividades recollidas no Programa de Educación Ambiental en vigor.</i>	225
B	<i>Elaboración e desenvolvemento dos proxectos individuais para cada actividade educativa que se realice.</i>	50
C	<i>Elaboración dunha memoria anual de actividades e memorias adicionais.</i>	15
D	<i>Asignación de tarefas e supervisión do horario de traballo do equipo.</i>	230
E	<i>Deseño, coordinación e supervisión de actividades puntuais de divulgación e promoción.</i>	60
F	<i>Deseño, coordinación e supervisión de actividades puntuais de divulgación e promoción.</i>	20
G	<i>Atención directa e coordinación das reservas dos centros escolares realizadas no servizo de taquilla.</i>	20
H	<i>Relacións públicas e publicidade.</i>	15
I	<i>Mantemento da páxina web, blog e redes sociais en colaboración e asesoramento na súa renovación e mellora.</i>	20
J	<i>Xestión dos abonados de Vigozoo e xestión do club de amigos de Vigozoo.</i>	30
K	<i>Cursos de formación, formación continua do equipo educativo e tutela do educadores en prácticas.</i>	175
L	<i>As labores de voluntariado ambiental nas nosas instalacións de Vigozoo, ligadas principalmente á cursos de formación, actuacións educativas, divulgativas e atención do público visitante, acción directa de mantemento e coidado da horta urbana, colaboración en proxectos de conservación e investigación, actuacións encamiñadas á mellora do benestar animal.</i>	40
M	<i>Novas actuacións.</i>	100
TOTAL		1000

2.2. Funcións de monitoraxe. (2.000 horas)

Contempla a execución e realización das actividades e actuacións educativas recollidas no Programa de Educación Ambiental en vigor, tendo en conta os ratios, carga horaria e número de actividades. Este programa recolle e describe de forma pormenorizada as actividades que se desenvolven no parque, marcando ás condicións básicas de execución das mesma, que debido á propia dinámica do parque e do público visitante, son dinámicas e están constantemente actualizándose e renovándose.

A empresa debe executar como mínimo 2.000 horas de execución e monitoraxe. Estarán apoiadas con outras 2.080 de persoal bolseiro que participará na execución das mesmas. Estas bolsas teñen unha duración de 960 horas cada unha e estarán supervisados directamente polo conservador do parque e regulados pola convocatoria de bolsas en vigor.

Salvo autorización expresa dos responsables do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo, as horas de execución e monitoraxe non poderán permutarse ou intercambiarse por horas administrativas e viceversa.

A empresa, deberá habilitar ao persoal para realizar e executar a maior parte das distintas actividades recollidas dentro do programa educativo e durante o ano de prestación de servizo. Estas actividades indícanse a continuación:

2.2.1. Actividades para grupos organizados.

No caso de que existan reservas, estas actividades será preferentes respecto as actividades recollidas no punto 2.2.2.

- Visitas guiadas e actividades auxiliares para grupos organizados: Visitas guiadas a grupos organizados cunha duración de 90 minutos e de 60 minutos durante a datas de máxima afluencia que son os meses de abril, maio e xuño). O ratio oscila entre 1/25 para o caso de rapaces e de 1/50 no caso de grupos de adultos ou similares. Serán atendidas, baixo supervisión do conservador do parque, as visitas que por cantidade ou ratio, non poida asumir o persoal bolseiro.
- Aula no zoo: Actividade diaria dirixida a pequenos grupos de centros escolares de 6 horas de duración. O ratio será de 1/25.

2.2.2. Actividades de fin de semana e datas especiais (Vacacións, festivos, verán).

- Club dos sábados: Actividade dirixida rapaces/as do club de amigos de Vigozoo de 3 horas de duración a realizar os sábados. O ratio será de 1/17.
- Club dos sábados: Actividade dirixida rapaces/as do club de amigos de Vigozoo de que cubre as datas de entroido, semana santa e nadal. O ratio será de 1/17.
- Quedadas nocturnas: Actividade dirixida a rapaces/as do club de amigos de Vigozoo de 21 horas de duración con cea, pernocta e almorzo, a realizar os fins de semana cun máximo de 50 rapaces. O ratio será de 1/13.
- Club de verán: Actividade estival semanal dirixida a rapaces/as en horario de mañá de 35 horas de duración cun máximo de 50 rapaces. O ratio será de 1/17.

Reservaranse unha cantidade de horas para a realización de novas actividades educativas segundo a demanda e necesidade. O número de actividades a desenvolver de cada tipoloxía estará condicionado polo número de reservas e participación. A

empresa deberá adaptar as horas de monitoraxe recollidas neste pliego coas necesidade de execución das mesmas, baixo a supervisión e autorización do conservador do parque.

Unha vez asignadas, as horas propostas poderán intercambiarse entre as distintas actividades e/ou as de nova creación, para cubrir as máis solicitadas, en detrimento das actividades con mínima ou inexistente demanda, baixo a supervisión, control e/ou solicitude do conservador do parque.

A efectos orientativos preséntase a seguinte táboa que recolle a proposta horaria de actuacións educativas a desenvolver:

Táboa 1.2 (Actividades educativas dentro do prego a realizar no ano 2015-2016)

Actividade	Descrición	Ratio	Cantidade aprox. ano	Porcentaxe a cargo da empresa	Horas a cargo da empresa
Actividades para grupos organizados					
Visitas guiadas e actividades auxiliares para centros escolares e outros colectivos	<i>Visitas guiadas ordinarias a grupos organizados cunha duración de 90 minutos (60 en primavera) e promedio de participación de 50 rapaces/as. Serán atendidas baixo supervisión do conservador do parque, as visitas que por cantidade ou ratio, non poida asumir o persoal bolseiro e</i>	1/25	220 actividades	30,00%	150
Aula no zoo	<i>Actividade diaria dirixida a aulas de centros escolares de 6 horas de duración.</i>	1/25	10 actividades	60,00%	70
Actividades de fin de semana, verán e datas especiais					
Club dos sábados	<i>Actividade dirixida rapaces/as do club de amigos de Vigozoo de 3 horas de duración a realizar os sábados.</i>	1/17	15 actividades	100,00%	90
Club de vacacións	<i>Actividade dirixida a rapaces/as do club de amigos de Vigozoo de que cubre as datas de entroido, Semana Santa e Nadal .</i>	1/17	3 actividades	100,00%	180
Quedadas nocturnas	<i>Actividade dirixida a rapaces/as do club de amigos de Vigozoo de 21 horas de duración con cea, pernocta e almuerzo a realizar os fins de semana cun máximo de 50 rapaces.</i>	1/13	9 actividades	100,00%	400
Club de verán	<i>Actividade de verán semanal dirixida a rapaces/as en horario de mañá de 35 horas de duración cun máximo de</i>	1/17	12 actividades	75,00%	1030



	50 rapaces.				
Novas actividades					
Novidades	Reservaranse unha cantidade de horas para a realización de novas actividades educativas segundo a demanda e necesidade.			100,00%	80

3.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

- O persoal deberá estar uniformado e claramente identificado durante o desenvolvemento do seu traballo. O uniforme deberá ser diferente ao do resto do persoal do parque e deberá contar cun polo, sudadeira, pantalón e forro polar ou cazadora.
- A persoa nomeada pola empresa para dirixir o equipo educativo, actuará baixo a supervisión do *Conservador do Parque Zoológico*, que será o encargado de ditar as directrices a seguir por parte do Departamento de Educación.
- Deberase, en todo momento, cumprir co esixido na Lei Orgánica 15/1999, de 11 de xuño, de Protección de Datos de carácter persoal, no referente á petición de datos dos visitantes do Zoo para as tarefas propias da súa responsabilidade.
- Calquera modificación do horario de oficina ten que ser comunicada e autorizada pola persoa responsable da súa supervisión.
- O responsable do equipo educativo contratado pola empresa adxudicataria terá unha reunión semanal ou quincenal coa persoa designada polo Organismo Autónomo, onde se realizará un control do traballo realizado.
- Mensualmente a empresa adxudicataria, xunto coa factura, elaborará unha memoria mensual das actuacións levadas a cabo, detallando a contía de horas consumidas de coordinación e monitoraxe no mes facturado, así coma unha previsión das actuacións previstas para o mes seguinte.
- Difundir as actividades de Vigozoo nos centros educativos de Vigo conforme á oferta presentada polo adxudicatario, sen prexuízo da publicidade que decida facer o Servizo de Educación ao seu cargo e de acordo coa adxudicataria.
- Incluír en todas as actividades que realice a escola a imaxe corporativa da mesma e do Concello de Vigo.
- Estabelecer un plan de control de calidade propio.
- A empresa deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil que cubra que cubra a todo o seu persoal que realice a súa labor profesional dentro do Departamento de Educación de Vigozoo.

**4.- REQUISITOS DE TITULACIÓN DO PERSOAL.**

Para as labores de coordinación:

- Como mínimo diplomado en calquera das áreas de coñecemento que garde relación co obxecto do contrato.
- Experiencia contrastada en proxectos relacionados co programa educativo obxecto do contrato.
- Dispor da titulación de Director de actividades de Ocio e Tempo Libre pola Consellería de Xuventude da Xunta de Galicia.

Para as labores de monitoraxe dispor dalgunhas das seguintes titulacións:

- Titulación de Educador Ambiental, ou Ciclo Formativo equivalente.
- Titulación de Monitor de actividades de Ocio e Tempo Libre pola Consellería de Xuventude da Xunta de Galicia ou o Ciclo Formativo equivalente.

5.- ORZAMENTO E MATERIAL.

A empresa adxudicataria deberá de asumir o custe de material funxible para a posta en marcha e execución das actividades obxecto deste prego.

Ademais deberá achegar o material inventariable que o adxudicatario/a detalle na súa oferta por consideralo preciso para atender as necesidades do proxecto educativo proposto, así como realizar as reparacións de todo tipo necesarias para o mantemento do mesmo. Esta achega deberá de ser polo menos do seguinte equipamento:

- Un PC con conexión a internet independente da rede corporativa do Concello de Vigo.
- Unha impresora a color de tamaño A3.
- Un canón proxector para as dinámicas de formación e divulgación.
- Walkie-talkies para a súa utilización entre os persoal de educación.
- Mochilas e/ou material equivalente para a realización das actividades educativas.

En todo caso non se contempla ningunha partida específica de material a cargo do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo. Se fora necesario a adquisición de equipamento adicional deberá ser autorizada e aprobada pola dirección do O.O.A.A. Municipal Parque das Ciencias Vigozoo e irá a cargo do orzamento xeral do organismo.

Vigo, 12 de febreiro de 2015

O CONSERVADOR E COORDINADOR DE EDUCACIÓN

Asdo. Juan José Vázquez Araujo

CONFORME

A SRA. PRESIDENTA,
Asdo. Mª Jesús Lago Rey

PEAPEAPE
APEAPEAP
PEAPEAPE
APEAPEAPE
PEAPEAPEA
APEAPEAPE
PEAPEAPEAR
APEAPEAPEA
PEAPEAPEAP
APEAPEAPEA
PEAPEAPEAP
A
PEAPEAPEAP
APEAPEAPEA
PEAPEAPEAP
APEAPEAPEA
PEAPEAPEAP
APEAPEAPEA
PEAPEAPEAP
APEAPEAPEA
PEAPEAPEAP
APEAPEAPEA
PEAPEAPEA
APEAPEAPE
PEAPEAPEA



V I G O

ZOO



PROXECTO DE EDUCACIÓN
AMBIENTAL

(2015 - 2016)



Exp. 6348/12

1. PRINCIPIOS XERAIS

Coma nos últimos anos, realizamos un gran esforzo en deseñar e levar a cabo distintas actividades de educación englobadas dentro dun Proxecto de Educación Ambiental (PEA) actualizado e adaptado as circunstancias.

Ase mesmo, a "**Lei 31/2003 de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos**" establece unha serie de obxectivos no ámbito da educación ambiental, de obrigado cumprimento. No artigo catro faise mención expresa ao programa educativo, que debe estar destinado á concienciación do público no que respecta á conservación da biodiversidade. Ditos aspectos de conservación da biodiversidade están desenvolvidos de forma implícita dentro de tódolos PEAs levados a cabo.

Esta proposta educativa vai encamiñada a unha gran variedade de público, tomando en consideración as súas diferentes inquietudes sociais e culturais: escolares (infantil, primaria, secundaria, formación profesional, educación especial, educación universitaria, etc.) diferentes colectivos con motivacións culturais concretas (asociacións, pensionistas, cursillistas, etc.), e por suposto non poderemos esquecer aquí ao público en xeral.

Neste documento, polo tanto, se recollen todas as actuacións propostas para 2015-2016, que de xeito xeral comprenderán a clásicas intervencións recollidas en documentos anteriores: realización de visitas guiadas, a elaboración de trípticos informativos, paneis e fichas técnicas da fauna e flora exposta, proxeccións audiovisuais, obradoiros, xornadas, exposicións, publicación en internet, ademais de novas actuacións e renovacións que poden substituír as eliminadas, por contar con baixa participación e demanda.

Exp. 6348/12

2. OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Dar a coñecer a complexidade da biodiversidade e promover actitudes e aptitudes individuais e colectivas que freen a súa perda dentro do ámbito de influencia de Vigozoo e cos recursos dispoñibles.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Comprender a importancia da conservación e preservación das especies dentro das funcións dun zoológico e dentro do ámbito dos destinatarios.
2. Recoñecer os diferentes grupos de animais existentes no zoo, as interaccións existentes entre estes e o medio natural e o grao de intervención humana que modifica este equilibrio natural.
3. Respetar o medio ambiente e a natureza en xeral, levando a cabo pequenos cambios de conducta nas actividades cotiás que proporcionen unha mellora global a curto, medio e longo prazo.

Exp. 6348/12


3. DESCRICIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E RECURSOS

3.1 BREVE DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN

O noso zoológico conta cunha longa historia, xa que foi constituído como Fundación Pública polo Excelentísimo Concello de Vigo, por acordo plenario o 26 de febreiro de 1970, inaugurándose o 18 de xullo de 1971. Actualmente ten a figura de Organismo Autónomo denominándose: "Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo".

Atópase emprazado no monte da Madroa a 340 metros sobre o nivel do mar, preto da Ría de Vigo. Este zoológico abarca unha superficie de 55.676 metros cadrados, onde a gran maioría corresponde a superficie axardinada e recintos de animais. Dentro do recinto atópanse diferentes edificacións: edificio de usos múltiples, exotarium, bolboretario, salón de actos, aulario, parque infantil e diferentes zonas de servizos e ocio onde se poden desenvolver diferentes actividades didácticas. Amais existe unha superficie de 11.000 metros cadrados ampliables a medio e longo prazo.

Fig. Mapa de situación



DESCARGAR MAPA

- | | | |
|----------------------------------|-------------------------------|---|
| 01 Taquilla | 21 Aves Terrestres | 41 Cebra Común |
| 02 Almacenes | 22 Castor europeo | 42 Avestruz |
| 03 Aulario | 23 Aves Acuáticas | 43 Cobo de Lechwe |
| 04 Aula de Naturaleza | 24 Emú | 44 Eland |
| 05 Auditorio | 25 Walaby de Bennet | 45 Jabalí |
| 06 Granja Escuela | 26 Guanaco | 46 Nocturama y aviario de rapaces nocturnas |
| 07 Huerta e Invernadero | 27 Ciervo Europeo | 47 Puercoespin |
| 08 Albergue | 28 Pecarí, Llama y Nandú | 48 Lobo ibérico |
| 09 Cafetería | 29 Orix cimitarra | |
| 10 Recepción Educación | 30 Ciervo del Padre David | |
| 11 Parque Infantil | 31 Lince Europeo y Lince Rojo | |
| 12 WC Público | 32 Oso Pardo | |
| 13 Merendero y Panel Solar | 33 Tigre de Siberia | |
| 14 Merendero Exterior | 34 Pantera Negra | |
| 15 Mirador de A Madroa | 35 Pavos reales | |
| 16 Edificio de Cuarentena | 36 León | |
| 17 Administración y Laboratorios | 37 Lemur de cola anillada | |
| 18 Exotarium | 38 Gamo | |
| 19 Mariposario | 39 Muflón de Córcega | |
| 20 Tortugas | 40 Grulla damisela | |

3.2 COLECCIÓN ZOOLOXICA

Está formada por representantes de especies animais de África, Europa, Asia, América e Oceanía, con interesantes exemplares de cada un dos continentes, aínda que non existe unha verdadeira colección extensiva de cada un deles, debido a que as instalacións actuais non o permiten, e por outro lado, non é o noso propósito abundar na fauna exótica xa presente, se non mostrar e estudar cada día máis a fauna galega e ibérica que nos rodea, facendo fincapé no seu profundo estudio, coñecemento, investigación e divulgación.

Táboa: Censo actual de especies

Especie	Nome científico	Especie	Nome científico
Aguila calzada	Hieraetus pennatus	Pato mandarin	Aix galericulata
Aguila culebrera	Circaetus gallicus	Pato pico amarillo	Anas poecilorhyncha
Aguila Real	Aquila crhyas	Pavo real	Pavo cristatus
Ajolote	Ambystoma mexicanum	Petauro del azúcar	Petaurus breviceps
Anade real	Anas platyrhynchos	Pitón India	Python molurus bivittatus
Aratinga	Aratinga ssp	Pitón real	Python regius
Barnacla del Canadá	Branta canadensis	Pitón reticulada	Python reticulatus
Barnacla híbrida	Branta canadensis	Porron común	Aythya ferina
Bisonte	Bison bison	Porron osculado	Bucephala clangula
Boa arborícola amazónica	Corallus enydris cooki	Rabudo de Bahamas	Anas bahamensis
Buho real	Bubo bubo	Rabudo pico amarillo	Anas georgica
Buitre	Gyps fulvus	Rana de Surinam	Pipa pipa
Camaleón del Yemen	Chamaeleo calytratus	Rana de uñas africanas	Xenopus laevis
Cascabel de Urucoa	Crotalus vegrandis	Ratón de laboratorio	Mus musculus
Cascabel diamante	Crotalus adamanteus	Sapo vientre de fuego	Bombina orientalis
Cascabel mejicano	Crotalus basiliscus	Serpiente arborícola verde	Boiga cyanea
Cascabel oriental	Crotalus atrox	Serpiente ojos de gato	Madagascarpophis citrinus
Castor europeo	Castor fiber	Serpiente rey de California	Lampropeltis getulus californiae
Cebra	Equus burchellii champani	Silbon de America	Anas americana
Cerceta aliazul	Anas discors	Supergusano de la harina	Zophoba morio
Cerceta carretona	Anas querquedula	Tarántula Cebra de Costa Rica	Aphonopelma seemani
Cerceta de collar	Callonetta leucophrys	Tarántula cornuda	Ceratogyrus marshalli
Chinche predadora	Platymeris biguttatus	Tarántula de Chile	Grammostola rosea
Ciervo común	Cervus elaphus	Tarántula mejicana rubia	Aphonopelma chalcodes
Ciervo P. David	Elaphurus davidianus	Tarántula tigre asiática	Haplopelma sp
Cigüeña blanca	Ciconia ciconia	Tarántula voladora	Avicularia avicularia
Cisne blanco	Cygnus olor	Tarro blanco	Tadorna tadorna
Cisne negro	Cygnus atratus	Tarro canelo	Tadorna ferruginea
Cobra de Cleopatra	Naja haje	Tarro radjah	Tadorna radjah
Cucaracha	Blaberus giganteus	Tejú rojo	Tupinambis rufescens
Cucaracha gigante argentina	Blaptica dubia	Tigre	Panthera tigris
Cucaracha gigante malgache	Gomphadorina portentosa	Tortuga Africana	Geochelone sulcata
Cucaracha red runner	Shelfordella tartara	Tortuga caimán	Macrochelys temminckii
Cucaracha sudamericana	Blaberus atropus	Tortuga de Florida	Trachemys scripta scripta
Cuervo	Corvus corax	Tortuga de Florida	Trachemys scripta elegans
Culebra del maizal	Pantherophis guttatus	Tortuga del Missisipi	Graptemys pseudogeografica
Dendrocyna vientre negro	Dendrocygna autumnalis	Varano de sabana	Varanus exanthematicus
Diamante moteado de Australia	Poephila guttata	You-you	Pocephalus senegalus
Dragón barbudo	Pogona vitticeps	Llama	Lama glama
Emú	Dromaius novaehollandiae	Loro gris de cola roja	Psittacus erithacus
Escarabajo del sol	Pachnoda peregrina marginata	Mamba verde	Dendroaspis viridis
Escinco de lengua azul	Tiliqua scincoides	Migala de patas rojas	Euathlus smithii
Escorpión emperador	Pandinus imperator	Migala rubia	Grammostola sp
Gálago del Senegal	Galago senegalensis	Milano de los manglares	Haliastur indus
Gallina de guinea	Numidia meleagris	Milpie negro de Tanzania	Archispirostreptus gigas
Gallina de mos	Gallus gallus	Mocasin cabeza de cobre	Agkistrodon contortrix
Gamo	Dama dama	Lince rojo	Lynx rufus
Gamo blanco	Dama dama	Mufón	Ovis ammon
Ganso	Anser domesticus	Murciélago frugívoro egipcio	Rousettus aegyptiacus



Exp. 6348/12


Ganso branco	Ansar familiaris	Nandú	Rhea americana
Ganso chino	Cygnopsis cygnoides	Obispillo dorado	Euplectes afra
Ganso comun	Anser anser domesticus	Orix Cimitarra	Orix dammah
Ganso de Hawai	Branta sandvicensis	Oso pardo	Ursus arctos
Ganso domestico	Anser anser domesticus	Pantera negra	Panthera pardus
Ganso emperador	Anser canagicus	Lemur de cola anillada	Lemur catta
Geco bibrón	Pachydactylus bibronii	Pato carolina	Aix sponsa
Geco diurno malgache	Phelsuma madagascariensis	Pato colorado	Netta rufina
Geco leopardo	Eublepharis macularius	Pato cuchara de nueva zelanda	Anas rhynchotis variegata
Grillo casero	Acheta domestica	Pato filipino	Anas luzonica
Grulla coronada	Balearica regulorum	Insecto palo	Sypiloidea sypilus
Grulla Damisela	Anthropoides virgo	Insecto palo alado	Sypiloidea sypilus
Guanaco	Lama guanicoide	Insecto palo de Vietnam	Phobaeticus heusii
Gusano de la harina	Tenebrio molitor	Insecto palo del Perú	Oreophoetes peruana
Gusano de seda	Bombix morio	Jabalí	Sus scrofa
Halcon abejero	Pernis apivorus	Jineta	Genetta genetta
Insecto corteza	Eurycanta calcarata	Lagarto de placas	Gerrosaurus major
Lince boreal	Lynx lynx	Leon	Panthera leo

4. BREVE DESCRICIÓN DO CONTORNO COMO RECURSO EDUCATIVO

Ademais das instalacións do parque, pódese aproveitar o contorno como recurso de educación ambiental, destacando as diferentes cualidades paisaxísticas, ambientais, etnográficas do medio. O Principal interese estriba nas magníficas e inigualables panorámicas que se divisan sobre a totalidade da ría de Vigo. Este paisaxe poden ser utilizadas como recurso educativo, integrando os diferentes aspectos da mesma (xeomorfoloxía, xeodinámica de correntes, clima, xeoloxía, bioloxía) nunha actividade didáctica.



A vexetación do contorno do parque, estaba constituída principalmente por piñeiro marítimo e acacia negra, aínda que actualmente está a ser acondicionada e repoboada por especies de frondosas autóctonas (carballos, salgueiros, bidueiros, castiñeiros, etc.).



Exp. 6348/12

As ladeiras do monte Vixiador agachan un campo megalítico chamado indistintamente: "Chan das Formigas", "Chan da Pedra do Couto" ou "Chan da Cruz", consta de 39 túmulos, posuíndo o maior deles un diámetro de 20 metros e unha altura de 3,50 metros. Ó longo do tempo sufriron numerosas alteracións. No lugar son coñecidas unhas "mámoas" como "cortellos dos mouros". A máis importante destas mámoas é a coñecida como a "Mámoa do Rei" que na actualidade posúe seis ortostatos (grandes pedras), que forman a cámara mortuoria. Atopándose outras grandes pedras a escasos metros que, posiblemente, formaban parte da cuberta.



Do parque Zoológico parte o tramo III do sendeiro de longo percorrido GR-53 (Madroa-Puxeiros), que vai en dirección ó Parque Forestal do monte Vixiador. Amais de outro sendeiro de longo percorrido, o GR-94 (Vixiador-Redondela).



Exp. 6348/12

5. PROGRAMACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES OFERTADAS

As actividades do parque, englobadas dentro do proxecto de educación son múltiples e variadas, dirixidas a un amplo número e gran diversidade de destinatarios.

Actividades básicas do programa educativo

Programa educativo

Programa "Visitas educativas a grupos organizados"

Programa "Aula no zoo"

Programa "Vigozoo na escola"

Programa para "Público xeral"

Programa "Aniversarios"

Programa "Club dos sábados"

Programa "Club de verán"

Programa "Campamento de verán"

Programa "Club de vacacións"

Programa "Quedadas"

Programa "Voluntariado ambiental"



Exp. 6348/12

-Calendario-

O calendario anual afecta directamente á dinámica de realización de tarefas, xa que en cada época será preciso preparar distintas actuacións educativas (comezo do período escolar, nadal, primavera, etc.).

Proposta do cronograma anual de execución das actividades

Actividades	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	x	x	x
Visitas grupos organizados	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Programa "aula no zoo"		x	x	x	x	x				x	x	x
Programa "Vigozoo na Escola"	x	x								x	x	x
Programa público xeral	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Programa "aniversarios"		x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Programa "club dos sábados"		x	x	x	x	x						
Programa "club de Verán"						x	x	x	x			
Programa "campamento verán"						x	x	x				x
Programa "club de vacacións"	x	x	x							x	x	x
Programa "quedadas"		x	x	x	x	x				x	x	x
Programa actividades voluntariado ambiental	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

Ademais, a preparación de cada actividade pode ocupar máis ou menos tempo en función da súa complexidade, obxectivos, temporalización e posibles destinatarios.

Calquera nova intervención educativa pode ser incluída dentro do cronograma e localizada previamente ao proceso de posta en marcha. Este proceso require o emprego dunha estratexia básica de procedemento que comprende catro apartados fundamentais: investigación, reflexión, acción e avaliación.

Entre a reflexión e a acción a levar a cabo estará situado o proceso de programación que debe contemplar dez apartados básicos para garantir un bo deseño nas actuacións, e son as seguintes: tipoloxía da intervención, xustificación, obxectivos, destinatarios, equipo humano, actividades, duración, contexto, recursos, avaliación, criterios de avaliación e divulgación.

-A divulgación das actuacións-

Non cabe dúbida que a divulgación das actividades educativas xoga un papel moi importante, definindo e condicionando moitas veces o éxito ou o fracaso na afluencia de participantes.

No século da comunicación existen moitas ferramentas a empregar para divulgar as actividades que se van a propor ao longo deste traballo. Moitas delas non requiren ningunha achega económica, por exemplo as consabidas roldas de prensa, os correos electrónicos aos centros escolares, asociacións, concellos, axencias de viaxes, participantes en edicións anteriores, etc., a publicación de novas na páxina web do propio zoo e a transmisión directa por parte dos participantes de pasadas edicións. Nembargantes, outras si que requiren achegas económicas de diversa índole que debe corresponder á propia xerencia de Vigo-zoo a posta en marcha ou non.

Exp. 6348/12

Podemos citar algunhas a modo de exemplo: realización de cartelería publicitaria dentro e fora do parque, impresión de folletos ou libros divulgativos, anuncios en medios de comunicación locais, divulgación na propia páxina web corporativa, visitas aos centros escolares, etc.

Dentro da descrición de cada intervención educativa existirá un apartado que cuantifique e recomende os criterios de divulgación, modificables en función das necesidades e da afluencia histórica.

DESCRIPCIÓN PORMENORIZADA DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS

VISITAS EDUCATIVAS DE GRUPOS ORGANIZADOS

As visitas de grupos organizados son unhas das actuacións máis importantes a ter en conta, non só polo seu elevado número senón que tamén pola alta demanda de atención que requiren. Ademais a “educación ambiental” é un valor a transmitir no modelo educativo actual, e como tal é inherente e atinxe ao desenvolvemento cognitivo e social do individuo dende etapas iniciais de aprendizaxe, falando principalmente de grupos escolares.

Así, moitos mestres preparan a priori este tipo de visitas no centro escolar incluíndoas dentro do deseño curricular da materia, polo que serán esixentes coa calidade da visita guiada e co resto das actividades que se leven a cabo.

Dende o noso punto de vista non bastará só con ofrecer unha atención impecable e rigorosa a estes colectivos, senón que tamén sería necesario incluílos dentro do deseño e realización do programa educativo. Isto pódese acadar mediante a publicación e divulgación de unidades didácticas relacionadas cos contidos das actividades, contactos mediante cartas e folletos que expliquen a actividade, etc.

Tampouco podemos esquecer aos destinatarios directos, a audiencia para a cal se deseñan estas intervencións educativas:



Exp. 6348/12

*Visitas educativas**Audiencia tipo*

- Escolares de educación infantil
- Escolares de educación primaria
- Escolares de E.S.O. e ciclos formativos
- Escolares de educación especial
- Colectivos de adultos e mixtos

Atención directa cos responsables dos centros escolares

Cando un centro escolar decide realizar unha visita a Vigo-zoo e despois de estudar as datas posibles, realiza unha chamada telefónica para informarse ou reservar unha data, comeza un proceso de intercambio de información moi importante no que deben coidarse enormemente as formas de proceder.

Calquera detalle, por crucial que pareza, pode condicionar negativamente a futura visita (información insuficiente, pouca claridade, mala pronunciación ou entoación, mala actitude ou aparencia desanimada ou apática, etc.), polo que os criterios a tomar, tanto polo coordinador, coma polo persoal ó seu cargo, deben ser os que ofrezan a maior calidade.

O proceso non é difícil, basta con aplicar unha serie de procedementos estandarizados para chegar a acadar unha boa imaxe "previa", que condicione positivamente á visita.

-Atención telefónica-

Loxicamente debe ser unha das formas máis empregadas de solicitude de información e reserva. Cada vez que se resposta ao teléfono debe de existir unha identificación do destino: "Departamento de educación" ou "educación, Vigo-zoo" poden ser dúas das fórmulas a empregar.

Despois da identificación, a conversación deberá ser cordial, aclarando en todo momento as dúbidas que estableza o noso interlocutor. O idioma deberá adaptarse ao do noso interlocutor, evitando as expresións vulgares ou coloquiais. Ao remate da conversación non debe esquecerse a fórmula de despedida máis común: "bos días" ou "boas tardes" sería correcto.

-Atención por escrito-

As fórmulas máis comúns deste tipo de comunicación poden ser fax, carta ordinaria e correo electrónico. Neste caso non se debe esquecer engadir os datos do remitente ao final do documento: "Departamento de educación – VIGOZOO" e incluso un número de contacto telefónico.



Exp. 6348/12

-Reserva -

O proceso da reserva conta cun número de pasos a ter en conta para minimizar os erros e localizar correctamente o centro coa data asignada. A asignación da data e hora dependerá da dispoñibilidade da axenda.

Información solicitada ao responsable

- 1- Data e hora
- 2- Nome do centro
- 3- Localidade e concello
- 4- Nº de teléfono e correo electrónico
- 5- Nº de participantes
- 6- Nº de mestres
- 7- Nivel educativo

A información debe ser bidireccional, e o responsable deberá coñecer as características da visita educativa segundo a seguinte táboa:

Información transmitida ao responsable

- 1- Duración aproximada da visita
- 2- Temática da visita e opcións
- 3- Dinámica da visita
- 4- Ratio monitor/participantes
- 5- Ratio mestre/participantes
- 6- Prezo da entrada



Exp. 6348/12

-Atención inicial na visita-

Cando o grupo chegue ás instalacións do parque, e posteriormente ao pago da entrada, o coordinador presentarse e falará cos responsables escolares realizando unha pequena introducción da visita na cal explicará a duración, percorrido, opcións, etc. O grupo será conducido ao salón de actos onde se lle explicarán as normas e se dividirá o grupo en subgrupos de 15-20 participantes. É moi importante que en cada subgrupo veña como mínimo un mestre acompañante, a efectos de control e apoio ao educador.

As normas que se explicarán aos distintos grupos son:

- Evitar tocar os animais do parque, xa que nos poden trabar ou picar se se senten ameazados.
- Evitar correr polas instalacións do parque, nin tampouco subir nin traspasar os peches e muros de seguridade, están aquí para protexernos.
- Evitar tocar ou golpear os cristais, porque os animais poderán asustarse e agochase.
- Procurar non gritar, pola mesma razón anterior.
- Evitar dar de comer aos animais, porque podemos provocarlles importantes problemas de saúde e poden trabarnos.

Ao finalizar a explicación das normas, o coordinador atenderá ás dúbidas plantexadas polos participantes.

A avaliación das normas será continua no transcurso da visita, analizando se os participantes cumpren as normas mediante a observación directa, preguntas, etc.

Tendo en conta todos estes aspectos, a continuación estrutúranse os diferentes programas que pretenden mellorar e enriquecer a actual oferta educativa de Vigo-zoo.



Exp. 6348/12

-Proposta de programas para escolares de educación infantil-

[1] Educación Infantil	
Nome	Programa "Naturolab"
Tipoloxía	Obradoiro.
Localización	Sala "Aula da Natureza"
Obxectivos	1. Desenvolver a capacidade de observación e a curiosidade pola vida animal, empregando todos os sentidos. 2. Comprender a variación de cores, formas, tamaños, texturas, etc., a través do material biolóxico empregado. 3. Tomar conciencia da gran diversidade da vida animal, relacionando os obxectos mostrados e manipulados cos animais reais. 4. Adquirir un comportamento respetuoso con todos os seres vivos
Destinatarios	Escolares do ciclo de educación infantil.
Equipo humano	1 monitor por cada 15-25 participantes.
Contidos	1. Distintos tipos de ovos: Emú, ñandú, avestruz, serpes, geckos e insectos pao. 2. Distintos tipos de plumas: Pavo real, faisán, emú, ñandú, ánades, etc. 3. Distintos tipos de mudas: Insectos, serpes, tartarugas, lagartos, arañas, etc. 4. Distintos tipos de insectos mortos: Insectos pao, insectos codia, carábidos, etc. 5. Distintos tipos de cornamentas: Gamo, cervo europeo, cervo chinés, mufión, etc. 6. Distintas pegadas elaboradas en escaiola: Tigre, oso, gamo, cervo, orix, etc. 7. Outros: Egagrópilas, bezoares, etc
Contidos	1. As funcións dos zoolóxicos 2. A orixe dos animais do noso zoo 3. A problemática das especies invasoras. 4. Distintos tipos de ovos: Emú, ñandú, avestruz, serpes, geckos e insectos pao. 5. Distintos tipos de plumas: Pavo real, faisán, emú, ñandú, ánades, etc. 6. Distintos tipos de mudas: Insectos, serpes, tartarugas, lagartos, arañas, etc. 7. Distintos tipos de insectos mortos: Insectos pao, insectos codea, carábidos, etc. 8. Distintos tipos de cornamentas. Gamo, cervo europeo, cervo chinés, muflón, etc. 9. Distintas pegadas elaboradas en escaiola: Tigre, oso, gamo, cervo, orix, etc. 10. Outros: egagrópilas, bezoares, etc.
Descrición da actividade	Un monitor acude ó centro educativo onde imparte un pequena charla, realiza un xogo e mostra material biolóxico para observar e tocar.
Duración	45 minutos.
Calendario	De luns a venres nos mense de novembro, decembro, xaneiro e febreiro
Recursos didácticos	-Material biolóxico variado proveniente dos animais do parque. -Power-point coa charla -Xogo



Exp. 6348/12

Actividades alternativas ou de apoio.	-Visita guiada ó zoo -Audiovisuais educativas. -Obradoiros de curta duración.
Criterios de avaliación	1. Aprender as funcións dos zoolóxicos e coñecer as razóns pola que están aquí os nosos animais 2. Aprender o concepto de especie invasora e os perigos relacionados coa súa introdución nos ecosistemas 3. Distinguir as características e comportamento das aves, mamíferos e reptís a través da observación da natureza. 4. Tomar conciencia da diversidade do mundo animal mediante a exploración dos distintos obxectos, entendendo a funcionalidade e a importancia de cada un deles na natureza (tamaño e cor dos ovos, tipos de plumas, tipos de pegadas, etc.) 5. Explorar o material mostrado, manipulándoo coidadosamente para sacar información del.
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da actividade, mediante a observación directa e preguntas.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería dentro do parque e publicación na páxina web corporativa.

PROGRAMA PARA PÚBLICO XERAL

Este programa engloba unha serie de actuacións educativas dirixidas ao público xeral. O motivo inicial de encadralas nos fins de semana e festivos débese a que son nestes días cando existe unha maior afluencia deste tipo de visitantes.

Non se debe descoidar a atención deste colectivo tan importante, é por iso que a continuación se enumeran as actividades a levar a cabo.

*Actividades educativas programadas
(Fins de semana, festivos e días laborables en horario de tarde)*

- Naturolab
- Proxección de vídeos
- Audiovisuais educativas
- Visitas guiadas
- Pequenos obradoiros
- Sesións de planetario

O horario de cada actividade estará dispoñible para os visitantes a través de distintos canles para asegurar a súa divulgación e permitindo que sexa coñecida pola audiencia coa necesaria antelación. Así, o horario resumido das distintas actividades estará localizado en carteis ao longo do parque e, máis pormenorizadamente, na páxina web do zoo (www.vigozoo.com).



Exp. 6348/12

Naturolab para público xeral

Nome	Programa "Naturolab"
Tipoloxía	Unidade expositiva interactiva.
Localización	Sala "Naturolab"
Obxectivos	1. Desenvolver a capacidade de observación e a curiosidade pola vida animal, empregando a totalidade dos sentidos. 2. Aprender a coñecer, observar, valorar e respectar a gran diversidade da vida animal, relacionando os obxectos mostrados e manipulados cos animais reais. 3. Adquirir un novo rol como participante, mediante a manipulación do material exposto e a comunicación directa co educador da exposición.
Destinatarios	Todo o público visitante.
Equipo humano	1 monitor responsable da exposición.
Contidos	1. Distintos tipos de ovos: Emú, ñandú, avestruz, serpes, geckos e insectos pao. 2. Distintos tipos de plumas: Pavo real, faisán, emú, ñandú, ánades, etc. 3. Distintos tipos de mudas: Insectos, serpes, tartarugas, lagartos, arañas, etc. 4. Distintos tipos de insectos mortos: Insectos pao, insectos codea, carábidos, etc. 5. Distintos tipos de cornamentas. Gamo, cervo europeo, cervo chinés, muflón, etc. 6. Distintas pegadas elaboradas en escaiola: Tigre, oso, gamo, cervo, orix, etc. 7. Outros: egagrópilas, bezoares, etc.
Descrición da actividade	Os visitantes observan a exposición realizando un pequeno percorrido circular, interactuando con parte do material exposto (cornas, mudas, plumas, pegadas, etc.), atendendo ás explicacións do educador respecto ao material exposto.
Duración	10 minutos.
Calendario	Sábados, domingos e festivos en horario de tarde.
Recursos didácticos	-Material biolóxico variado proveniente dos animais do parque. -Caderno didáctico do monitor.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Proxeccións de vídeo no salón de actos. -Audiovisuais educativas. -Obradoiros de curta duración.
Criterios de avaliación	1. Distinguir as características e comportamento das aves, mamíferos e reptís a través da observación da natureza. 2. Tomar conciencia da diversidade do mundo animal mediante a exploración dos distintos obxectos, entendendo a funcionalidade e a importancia de cada un deles na natureza (tamaño e cor dos ovos, tipos de plumas, tipos de pegadas, etc.) 3. Explorar o material mostrado, manipulándoo coidadosamente para sacar información del.
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da actividade, mediante a observación directa e preguntas. Tamén haberá a posibilidade de cubrir un cuestionario de satisfacción que englobe preguntas referentes ao estado do parque, accesos, servizos, e actividades ofertadas.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería dentro do parque e publicación na páxina web corporativa.



Exp. 6348/12

Programa vídeo	
Nome	Programa vídeos para público xeral.
Tipoloxía	Vídeo.
Localización	Salón de actos.
Obxectivos	1. Gozar dunha actividade complementaria á visita do parque zoológico. 2. Advertir a diversidade do mundo animal e vexetal. 3. Tomar conciencia sobre a necesidade da protección da natureza.
Destinatarios	Público visitante xeral.
Equipo humano	A actividade non é dirixida. Un monitor do departamento será o responsable de iniciar o vídeo á hora prevista.
Contidos	Variables segundo o vídeo proxectado. En xeral serán tratados temas relacionados coa natureza e o mundo animal do fondo videográfico do parque, ou no caso necesario de novo material a incorporar.
Descrición da actividade	A proxección de vídeo terá lugar a horas determinadas e prefixadas de antemán, divulgadas para o seu coñecemento por parte do público na cartelería do parque. A entrada será libre e de balde para tódolos visitantes do parque. O aforo máximo da sala será de 85 persoas.
Duración	Os vídeos terán unha duración variable de 25 a 45 minutos.
Calendario	Sábados, domingos e festivos en horario de tarde.
Recursos didácticos	-Vídeos documentais editados en formato VHS ou DVD.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Naturolab. -Obradoiros de curta duración.
Criterios de avaliación	1. Valorar a visualización de vídeos como unha forma amena para adquirir novos coñecementos. 2. Coñecer modos de vida, comportamentos, hábitats, vida animal e vexetal e as adaptacións máis curiosas, didácticas e espectaculares do mundo animal e vexetal. 3. Adquirir un maior grao de compromiso para protexer a riqueza e a fragilidade do medio natural.
Avaliación	A avaliación consistirá na cuantificación da asistencia a cada sesión.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro do parque e na páxina web corporativa.



Exp. 6348/12

Programa “audiovisual educativo”

Nome	Programa audiovisuais para público xeral.
Tipoloxía	Audiovisual.
Localización	Sala “Naturolab”
Obxectivos	1. Coñecer contidos complementarios á visita dentro do eido da educación ambiental. 2. Valorar eventos e actuacións puntuais dentro do parque zoológico.
Destinatarios	Público visitante xeral.
Equipo humano	A actividade non é dirixida.
Contidos	1. As conmemoracións ambientais máis relevantes a nivel internacional, nacional e local, estando relacionadas en maior ou menor medida con vigo-zoo. 2. Concienciación fronte outro tipo de problemática non recollida no punto anterior (os incendios forestais, os biomas, etc.).
Descrición da actividade	Na sala localizarase dous monitores de PC que reproducirá de forma continua proxeccións audiovisuais en formato “powerpoint” e vídeo.
Duración	Duración variable entre 5 e 10 minutos.
Calendario	Sábados, domingos e festivos en horario de tarde.
Recursos didácticos	-PC con programas para presentacións de audiovisuais.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Proxeccións de vídeo no salón de actos. -Naturolab. -Obradoiros de curta duración.
Criterios de avaliación	1. Adquirir contidos ambientais relacionados coa conservación das especies e o coidado do medio ambiente 2. Interaccionar cos elementos educativos a disposición do público
Avaliación	A avaliación consistirá na cuantificación da asistencia mediante visitas de control por parte do equipo de monitores de fin de semana.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro do parque e na páxina web corporativa.



Exp. 6348/12

**Programa “visitas guiadas e enriquecemento ambiental”
(en revisión, implantación prevista 2º trimestre 2013)**

Nome	“Os animais do zoo.”
Tipoloxía	Visita guiada con enriquecemento ambiental
Localización	Zona de aves e mamíferos ou exotarium.
Obxectivos	1. Achegarse aos animais da colección zoolóxica e a o traballo dos coidadores. 2. Distinguir as causas que alteran e diminúen a biodiversidade e afectan á conservación das especies. Coñecer a problemática concreta das especies ameazadas que existen no parque. 3. Identificar as estratexias defensivas, máis comúns dos animais do zoo. 4. Tomar conciencia fronte a compra indiscriminada de mascotas exóticas. 5. Participar en actividades de enriquecemento ambiental, que melloren a calidade de vida dos animais do zoo.
Destinatarios	Público visitante xeral.
Equipo humano	1 monitor por cada 20 participantes.
Contidos	1. Descrición dos mamíferos e aves máis relevantes de vigo-zoo. 2. Estratexias de supervivencia no mundo animal. Vida en grupo, ou solitaria, aforro enerxético, técnicas de alimentación e caza, comportamento. 3. Concepto hábitat, concepto de biodiversidade. Relacións inter e intraespecíficas. 4. Especies invasoras. Relacións co ser humano. A conservación e as especies en perigo de extinción. Programas de cría en captividade. O futuro. 5. Procedencia dos animais, importancia da conservación, morfoloxía, dimorfismo sexual. Especies autóctonas, animais domésticos, animais en perigo, ameazas. Adaptacións físicas ao medio. 6. O enriquecemento ambiental. Métodos e resultados.
Descrición da actividade	No reptilario: 1. Serpes de cascabel, 2. Mambas verdes, 3. Cocifia e zona de cría, 4. Insecto codia e folla, 5. Boas de Cuba, 6. Tegú vermello, 7. Tartaruga carbonaria, 8. Varano, 9. Mambas, 10. Cascabel oriental albina, 12 e 13. Crótalos, 13. Boiga, 14. Cobras, 15. Falsa coral, 16. Cascabel oriental sen escamas, 17. Sapiños uruguaiois, 18. Escorzo cornudo, 19 Geckos leopardos, 20. Axolotes, 21. Camaleón, 22. Migalas e tarántulas, 23. Rá de Surinam, 24. Gecko de Madagascar, etc. Na zona exterior: 1. Tartarugas, 2. Aves terrestres, 3. Castores, 4. Anátidas, 5. Línxes europeos, 6. Osos pardos, 7. Tigres, 8. Pantera, 9. Paións, 10. Leóns, 11. Macacos, 12. Aves zancudas, 13. Gamos, 14. Muflóns, 15. Sabana, 16. Lobos, 17. Bufos, 18. Xabarís, 19. Nocturama, 20. Emú, 21. Guanacos, 20. Orix. As paradas terán unha duración variable dependendo do ritmo do grupo, fixado como recomendable un promedio de 1-2 minutos. Faremos unha parada máis longa para introducir a actividade de enriquecemento ambiental, procurando actuar sobre todos os animais do zoo rotativamente
Duración	45 minutos.
Calendario	Operativo tódolos fins de semana e festivos en horario de tarde.
Recursos didácticos	-Caderno didáctico do monitor. -Cartelería exterior propia do parque. -Mochila do monitor con material biolóxico de mostra (mudas, ovos, corpos, etc.). -Material de enriquecemento ambiental (perfumes, mel, xoguete de cartón...) -Proxeccións de vídeo no salón de actos. -Naturolab. -Obradoiros de curta duración.



Exp. 6348/12

Actividades alternativas ou de apoio.	-Audiovisuais educativas.
Criterios de avaliación	1. Coñecer as principais características dos grandes grupos de animais do zoo e valorar os traballos específicos que requiren cada un deles por parte dos coidadores. 2. Identificar as especies do parque en perigo de extinción, tomando conciencia das causas que as conduciron a ese estado e das actuacións que se levan a cabo para recuperalas, como os programas de cría en captividade. 3. Recoñecer as estratexias defensivas (vida nocturna, en grupo,...) e ofensivas (tipos de caza,...) así como o significado dos diferentes comportamentos. 4. Sensibilizarse sobre os efectos de especies exóticas como organismos invasores nos ecosistemas galegos (tartarugas exóticas, castores, parrulos). 5. Recoñecer as necesidades dos animais en captividade e participar activamente en acción de enriquecemento ambiental.
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da visita, mediante a observación directa e preguntas. Ao finalizar a actividade pasarase unha enquisa de satisfacción aos participantes.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro do parque e na páxina web corporativa.



Exp. 6348/12

Programa pequenos obradoiros

Nome	"As pegadas"
Tipoloxía	Obradoiro.
Localización	Sala "Naturolab"
Obxectivos	1. Identificar os distintos tipos de pegadas dos animais do parque. 2. Adquirir a destreza para manexar moldes para a escaiola.
Destinatarios	Rapaces/as do público visitante xeral.
Equipo humano	1 monitor.
Contidos	1. Explicación dos distintos tipos de pegada dos animais mamíferos. 2. Descrición do material a empregar e os pasos a seguir para conseguir pegadas en arxila.
Descrición da actividade	Os rapaces e rapazas que queiran aprender a realizar unha pegada en escaiola deben realizar os pasos coa axuda do educador, que lle explicará a metodoloxía. Primeiro elixirá a pegada a realizar, despois realizará unha pegada en plastilina e coa axuda dun molde depositará a mezcla de auga e escaiola enriba da plastilina. Despois duns pequenos golpiños para eliminar as posibles burbullas, hai que esperar un promedio de 40-60 minutos que os participantes poden empregar en observar un vídeo no auditorio ou visitar o resto do parque. Despois do tempo de secado o participante pode recoller a súa pegada en escaiola.
Duración	15 minutos.
Calendario	Operativo durante os fins de semana e festivos en horario de tarde.
Recursos didácticos	-Caderno didáctico do monitor.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Proxeccións de vídeo no salón de actos. -Naturolab. -Visitas guiadas. -Audiovisuais educativas.
Criterios de avaliación	1. Comprender as diferencias entre as pegadas dun tigre, un oso, un ave zancuda, un parrulo, etc. en función do hábitat no que vive o animal e a funcionalidade das patas. 2. Manexar correctamente o molde de pastilina para obter unha pegada de escaiola, así como preparar de forma axeitada a mistura de escaiola.
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da visita, mediante a observación directa e preguntas.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro do parque e na páxina web corporativa.



Exp. 6348/12

Programa Planetario

Nome	"Astronomía e natureza"
Tipoloxía	Actividade dirixida
Localización	Sala "Planetario"
Obxectivos	1. Aprender a observar o ceo nocturno do hemisferio norte. 2. Recoñecer as principais constelacións do hemisferio norte
Destinatarios	Público visitante xeral
Equipo humano	1 monitor.
Contidos	1. Visita ao ceo nocturno. As formas do ceo. Estrelas, planetas e meteoritos. 2. As constelacións e asterismos. Localización. A orientación a través da estrela polar. 3. A Vía Lactea. A luna e as súas fases. Os equinocios e os solsticios. Os eclipses.
Descrición da actividade	As actividades de planetario desenvolveranse nunha instalación creada e adaptada para tal fin no edificio de usos múltiples. Inicialmente constará dunha sesión a cargo dun/a monitor/a experto/a, onde, despois da acomodación no recinto, se fará unha viaxe ao mundo da noite. O guión seguirá os pasos marcados nos contidos, incrementando os conceptos e a dificultade no transcurso da sesión. Existe a posibilidade de proxectar no propio planetario, presentacións guionizadas e automatizadas dirixidas a distintos niveis educativos e de idade.
Duración	15-30 minutos.
Calendario	Operativo durante os fins de semana e festivos en horario de tarde. Ademais poderase incluír coma unha actividade de apoio nas visitas escolares e épocas da baixa afluencia ou condicións meteorolóxicas adversas para realizar visitas no exterior.
Recursos didácticos	-Caderno didáctico do monitor. -Canón proxector. -Punteiro laser.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Proxeccións de vídeo no salón de actos. -Naturolab. -Visitas guiadas. -Exotarium. -Nocturama.
Criterios de avaliación	1. Diferenciar os obxectos que se poden atopar no ceo nocturno (avións, estrelas fugaces, estrelas, etc.), así como as principais constelacións. 2. Tomar conciencia da importancia das estrelas para as distintas civilizacións ó longo da historia. 3. Comprender que as estrelas son un mecanismo básico para a orientación.
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da visita, mediante a observación directa e preguntas. Así mesmo, o monitor cuantificará o número de visitantes que disfrutaran do planetario.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro do parque e na páxina web corporativa.

Exp. 6348/12

PROGRAMA “ANIVERSARIO NO ZOO”

Dende o parque zoológico, ofrécese a posibilidade de celebrar unha festa de aniversario diferente, na cal os rapaces e rapazas aprenderán importantes valores ecolóxicos sen esquecer o carácter lúdico desta data tan especial para eles.

É por iso que a visita dos “aniversarios no zoo” vai máis aló da mera explicación de contidos por parte do monitor ou do intercambio dinámico de cuestións. A visita será parte dun xogo de pistas no cal os propios nenos e nenas irán descubrindo o percorrido, interactuando ademais con materiais biolóxicos, sons, etc.

Programa “aniversario no zoo”	
Nome	“Aniversario no zoo”.
Tipoloxía	Visita guiada con xogo de pistas.
Localización	Zona exterior de aves e mamíferos.
Obxectivos	1. Sensibilizarse en formas diferentes de celebrar unha festa de aniversario. 2. Coñecer as características máis salientables da fauna do parque zoológico. 3. Tomar conciencia fronte a problemática das especies en perigo de extinción e as especies invasoras.
Destinatarios	Grupos organizados de rapaces e rapazas xunto cos seus pais.
Equipo humano	1 monitor por cada 15-25 participantes.
Contidos	1. Visita aves e mamíferos: A loita pola supervivencia. Vida en grupo ou en solitario. Comportamento animal. Morfoloxía, coidado parental, defensa do territorio. Especies invasoras. Especies en perigo de extinción. Causas. Relacións co ser humano. A conservación e as especies en perigo de extinción. Alimentación animal. Nocturama. Materiais biolóxicos.
Descrición da actividade	1. Introdución, presentación e seguimento do grupo. O rapaz ou rapaza que cumpra anos terá un trato preferente converténdose no protagonista da actividade. 2. Visita polas instalacións do parque: Coñecendo en cada visita o grupo de animais que nos pareza máis relevante e oportuno en función do tempo atmosférico e do estado das instalacións. (Zona de aves e mamíferos, exotarium, nocturama, etc.) Neste caso traballaranse contidos coma sons, cores, formas, tamaños adaptados ao nivel do grupo, implementándose cun xogo interactivo incluído dentro da mesma visita, que consistirá na busca de pistas relevantes aos contidos da visita. 3. Merenda: O menú realizarase na cafetería, unha vez finalizada a actividade educativa e a entrega de agasallos.
Duración	-Visita polas instalacións de aves, mamíferos e nocturama, seguindo as pistas: 90 minutos. -Merenda: tempo variable. -Tempo libre: ata o peche das instalacións do parque
Calendario	Operativo durante todos os venres e sábados do ano en horario de tarde. Os domingos e días festivos non se levarán a cabo.
Recursos didácticos	-Os animais do parque. -Cartelería específica e educativa existente. -Caderno didáctico do monitor. -Material biolóxico variado proveniente dos animais do parque.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Visita guiada polo reptilario e bolboretario. -Proxección de vídeos documentais no salón de actos. -Manualidades e xogos educativos na aula.



Exp. 6348/12

Criterios de avaliación	1. Valorar o parque zoológico como un espacio lúdico nunha data especial, sen deixar por iso de cumprir as normas que garanten unha vida digna ós animais. 2. Recoñecer os comportamentos e estratexias de vida máis destacables dos animais do zoo (de vida acuática, nocturna, etc.) 3. Comprender as consecuencias das actuacións humanas sobre as especies en perigo de extinción (caza, envelenamento, liberación de especies exóticas, etc.) e as medidas de conservación que se poden levar a cabo.
Avaliación	A avaliación dos participantes será continua durante o transcurso da visita, mediante a observación directa e preguntas informais referentes aos contidos. O programa e o monitorado será avaliado mediante unha enquisa, que cubrirán ao remate da visita os responsables do grupo. Así mesmo, o monitor tamén avaliará o funcionamento da visita ó rematar a mesma mediante un cuestionario.
Divulgación	Comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro do parque e na páxina web corporativa.

PROGRAMA “SENSIBILIZOO”

Debido á importancia crecente que as novas tecnoloxías teñen na ensinanza de hoxe en día, dende o Departamento de Educación do parque consideramos imprescindible aportar novas ferramentas coas que traballar na aula. Neste sentido, SensibiliZOO nace como unha maneira amena e sinxela de traballar contidos ambientais. Así, podemos atopar dende novas versións dos tradicionais contos de Carapuchiña vermella e os tres porquiños ata actuacións responsables para non malgastar a auga.

Sen embargo, a pesar da importancia que ten o colectivo escolar, non hai que esquecer aos internautas ávidos de información. Por iso as unidades de SensibiliZOO aportan datos curiosos de interese para o público xeral.

SensibiliZOO	
Nome	SensibiliZOO
Tipoloxía	Utilidades e material didáctico
Localización	Online.
Obxectivos	1. Sensibilizarse da importancia da conservación do medio natural a través de condutas de consumo máis responsables e sostibles.
Destinatarios	Todo o público visitante da nosa web.
Equipo humano	Persoal de educación.
Contidos	Os contidos están divididos en unidades didácticas independentes que recollen un tema. Dentro de cada unha delas, hai exercicios para asimilar os contidos. A biodiversidade no punto de mira Degradación de hábitats Especies exóticas invasoras Por que as cousas non son sempre o que parecen I Por que as cousas non son sempre o que parecen II A auga, un recurso moi valioso
Descrición da actividade	Información textual e gráfica na sección de sensibiliZOO da nosa páxina web. Cadernos didácticos en formato de descarga (pdf).
Calendario	Durante todo o ano 2013-2014.
Recursos materiais	- Equipos informáticos con acceso a internet. - Material bibliográfico. - Material fotográfico con acceso a interné.
Avaliación	Estadística de acceso online.
Divulgación	Correo electrónico, comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro e fora do parque e publicación na propia páxina web corporativa.



Exp. 6348/12

PROGRAMA "CLUB DOS SÁBADOS"

O éxito obtido en pasadas edicións da ludoteca nas tardes dos sábados fai que sexa unha das apostas do Departamento de Educación para o presente curso escolar. A boa acollida entre as familias viguesas e dos concellos limítrofes é debida ó fincapé que dende o parque se fai por transmitir e fomentar o respecto pola natureza.

Por outra banda, tamén prima o aspecto lúdico das actividades, xa que non hai que esquecer que se tratan de tempos de lecer. Así, outro dos piares da ludoteca é aprenderlle ós rapaces e rapazas novas formas de divertimento fóra do eido dos xogos informáticos.

"Club de amigos e amigas de Vigozoo"

Nome	"Club sábados".
Tipoloxía	Actividade múltiple (Visita guiada, obradoiro, animación, manualidades, excursións, actividades nocturnas, etc.)
Localización	Aulario, auditorio e zona exterior de aves e mamíferos.
Obxectivos	1. Coñecer e familiarizarse co funcionamento dun zoológico moderno, respectando o benestar de todos os seus habitantes. 2. Descubrir o xogo e as actividades propostas dentro do parque (dirixidas e non dirixidas) coma xeitos diferentes de divertimento e aprendizaxe. 3. Comprender o significado de "biodiversidade" e o concepto de conservación de especies, tomando conciencia fronte a problemática das especies en perigo de extinción e as especies invasoras. 4. Contactar coa natureza e o aire libre dende o respecto. 5. Gozar da práctica de diferentes actividades deportivas recoñecendo os beneficios que estas aportan á nosa saúde.
Destinatarios	Rapaces e rapazas entre 6 e 12 anos.
Equipo humano	1 monitor por cada 15 participantes.
Contidos	A ludoteca estará organizada por temáticas trimestrais, que se detallan a continuación: - 1er trimestre: As aves migratorias. Observación das aves do zoo. Tipos de plumas, patas e peteiros. Estratexias de alimentación, defensa, voo, etc. Uso de prismáticos, telescopios. - 2º trimestre: Un ciclo acaba e outro comeza. Hibernación e invernación, estratexias fronte o frío dos animais e plantas. A xerminación das plantas, a horta. A reprodución dos animais. - 3er trimestre: Os animais nocturnos. Rapaces nocturnas: comportamento, alimentación, estudo das egagrópilas, reclamos. Os mamíferos nocturnos: comportamento, alimentación, etc. Os animais nocturnos do zoo.
Descrición da actividade	Realizaranse actividades temáticas por trimestre, que incluírán obradoiros, xogos, deportes, etc.
Duración	A ludoteca dos sábados é entre as 16:30 e as 19:30
Calendario	Fins de semana de Outubro a Xuño (agás Decembro, Semana santa e 18 de Maio)
Recursos didácticos	- Caderno didáctico do monitor. - Caderno didáctico do naturalista. - Cartelería propia do parque. - Mochila do monitor con material biolóxico de mostra (mudas, ovos, corpos, etc.). - As diferentes aulas do parque e o seu material propio.
Criterios de	1. Coñecer os pormenores do coidado dos animais, mostrando actitudes de

Teléfonos: (986)26 77 83/84 Fax: (986)370800
Enderezo: Praza dos Leóns nº 1- Mouta - Teis, C.P. 36316 - VIGO
Apartado de Correos 3052, O CALVARIO - 36205 - VIGO



Exp. 6348/12

avaliación	respecto cara eles. 2. Participar activamente nos xogos e actividades propostas, mostrando actitudes de respecto polos monitores, os compañeiros e polo medio natural. 3. Definir conceptos como biodiversidade, extinción de especies e especies invasoras, aplicándoos á vida diaria. 4. Interiorizar, mediante a práctica, as técnicas dos diferentes deportes practicados. 5. Asumir responsabilidades básicas relacionadas co coidado personal (aseo, orde, coidado da roupa...) e coa convivencia (cumplimento de horarios, coidado do material, etc.).
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da actividade, mediante a observación directa e preguntas cando sexa posible. Ao remate do trimestre, os responsables dos participantes cubrirán unha enquisa avaliativa.
Divulgación	Correo electrónico, comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro e fora do parque e publicación na propia páxina web corporativa.

Exp. 6348/12

PROGRAMA "CLUB DE VERÁN"

Este programa, xunto á "acampada en Vigozoo", conforman unha serie de actuacións educativas de cara á época de verán. Nun momento do ano onde o tempo meteorolóxico acompaña e invita a facer actividades en contacto coa natureza, o campo de influencia do parque ofrece moi boas e interesantes expectativas, que ano tras ano van medrando en importancia e en diversidade.

Este programa está deseñado coma un achegamento lúdico dentro da educación non formal a cuestións importantes sobre a biodiversidade, o medio ambiente, a conservación da vida silvestre en xeral e a realización dun modo de vida sostible. Nesta actividade poténciase a reutilización e reciclaxe e a diminución do consumo desmesurado.

Sen contar as actividades ordinarias para centros escolares, é a que conta cunha maior antigüidade, sendo xa clásica durante todo o período estival.

Programa "Club de verán"	
Nome	"Club de verán".
Tipoloxía	Actividade múltiple (Visita guiada, obradoiro, animación, manualidades, etc.)
Localización	Múltiples localizacións dentro do parque zoolóxico.
Obxectivos	1. Comprender o funcionamento dun zoolóxico moderno, adquirindo á vez xeitos diferentes de divertimento e aprendizaxe. 2. Recoñecer o significado de "biodiversidade" e o concepto de conservación de especies. 3. Tomar conciencia fronte a problemática das especies en perigo de extinción e as especies invasoras. 4. Gozar das actividades dirixidas e do xogo, sendo éstas un instrumento de aprendizaxe.
Destinatarios	Rapaces/as de entre 6 e 12 anos (máximo 50 por quenda)
Equipo humano	1 monitores por cada 15 participantes.
Contidos	1. Presentación: material, técnicas de animación (xogos de presentación e desinhibición). 2. Visita aves e mamíferos: A loita pola supervivencia. Vida en grupo ou en solitario. Comportamento animal. Morfoloxía, coidado parental, defensa do territorio. Especies invasoras. Especies en perigo de extinción. Causas. Relacións co ser humano. A conservación e as especies en perigo de extinción. Alimentación animal. Nocturama. 3. Naturolab: Distintos tipos de ovos: Emú, ñandú, avestruz, serpes, geckos e insectos pao. Distintos tipos de plumas: Pavo real, faisán, emú, ñandú, ánades, etc. Distintos tipos de mudas: Insectos, serpes, tartarugas, lagartos, arañas, etc. Distintos tipos de insectos mortos: Insectos pao, insectos codea, carábidos, etc. Distintos tipos de cornamentas. Gamo, cervo europeo, cervo chinés, muflón, etc. Distintas pegadas elaboradas en escaiola: Tigre, oso, gamo, cervo, orix, etc. Outros: egagrópilas, bezoares, etc. 4. Reptilario, bolboretario e museo: As cores no mundo animal: protección, defensa, hábitat, comunicación. Morfoloxía animal, forma e función do corpo. Estratexias defensivas, comportamento, presenza ou ausencia de veneno. Bolboretas, aves, bosque tropical. A historia de vigozoo.



Exp. 6348/12

	5. Obradoiros e manualidades variadas. Pegadas dos animais do zoo. 6. Enriquecemento ambiental no zoo. 7. Deportes e xogos tradicionais.
Descrición da actividade	O primeiro día da ludoteca, realizaranse xogos de presentación e formaranse os grupos por idades. Durante toda a semana faranse diferentes actividades: xogos, deportes, obradoiros, visita con enriquecemento ambiental, en función das condicións meteorolóxicas.
Duración	De luns a venres dende as 10:00 ata as 14:00, cun horario de chegada ampliado dende as 8:00 e de recollida ata as 15:00
Calendario	No periodo vacacional de verán
Recursos didácticos	-Caderno didáctico do monitor. -Cartelería propia do parque. -Mochila do monitor con material biolóxico de mostra (mudas, ovos, corpos, etc.). -As diferentes aulas do parque e o seu material propio.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Xogos de animación. -Xogos de mesa. -Visita ao panel solar didáctico do merendeiro. -Manualidades. -Visita ao miradoiro da Madroa.
Criterios de avaliación	1. Coñecer os pormenores do coidado dos animais, mostrando actitudes de respecto cara eles 2. Participar activamente nos xogos e actividades propostas, mostrando actitudes de respecto polos monitores, os compañeiros e polo medio natural 3. Definir conceptos como biodiversidade, extinción de especies e especies invasoras, aplicándoos á vida diaria 4. Interiorizar, mediante a práctica, as técnicas dos diferentes deportes practicados 5. Asumir responsabilidades básicas relacionadas co coidado personal (aseo, orde, coidado da roupa...) e coa convivencia (cumplimento de horarios, coidado do material, etc.)
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da ludoteca, mediante a observación directa e preguntas cando sexa posible. Ao remate da semana os responsables dos participantes cubrirán unha enquisa avaliativa.
Divulgación	Correo electrónico, correo ordinario, comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro e fora do parque, boletín de actividades de verán da casa da xuventude de Vigo e publicación na propia páxina web corporativa.

Exp. 6348/12

PROGRAMA "CAMPAMENTO DE VERÁN EN VIGOZOO"

A acampada é a actuación educativa máis recente do programa de educación de vigozoo. Abrangue unha multitude de actividades englobadas tanto dentro coma fora das instalacións do parque.

Vigo-zoo conta con todas as características para realizar este tipo de actuacións: A propia colección zoolóxica é un magnífico recurso educativo, a multitude de actividades e zonas visitables, a zona de restauración dentro do parque, as zonas axardinadas adaptables para o montaxe de tendas de campaña, a vixilancia constante das instalacións polo persoal do parque e un equipo de educadores propio.

En canto ao equipo humano, tanto o coordinador coma os monitores responsables adaptarán os seus horarios, previo consentimento da xerencia do parque, para levar a cabo estas intervencións educativas.

Programa "Campamento de verán"	
Nome	Campamento de verán
Tipoloxía	Actividade múltiple (Visita guiada, obradoiro, animación, manualidades, etc.)
Localización	Múltiples localizacións dentro do parque zoológico. A pernocta no albergue.
Obxectivos	1. Comprender o funcionamento dun zoológico moderno, adquirindo á vez xeitos diferentes de divertimento e aprendizaxe. 2. Recoñecer o significado de "biodiversidade" e o concepto de conservación de especies. 3. Tomar conciencia fronte a problemática das especies en perigo de extinción e as especies invasoras. 4. Gozar das actividades dirixidas e do xogo, sendo éstas un instrumento de aprendizaxe. 5. Adquirir certa independencia ao pasar unha semana fóra da casa.
Destinatarios	Grupos de rapaces e rapazas de 8 e 12 anos de idade.
Equipo humano	1 monitor por cada 15 participantes.
Contidos	1. Presentación: material, técnicas de animación (xogos de presentación e desinhibición). 2. Visita aves e mamíferos: A loita pola supervivencia. Vida en grupo ou en solitario. Comportamento animal. Morfoloxía, coidado parental, defensa do territorio. Especies invasoras. Especies en perigo de extinción. Causas. Relacións co ser humano. A conservación e as especies en perigo de extinción. Alimentación animal. O nocturama e as especies de comportamento nocturno. 3. Localización da zona de acampada. Limpeza do chan. Tipos de tendas de campaña. Montaxe. 4. Naturolab: Distintos tipos de ovos: Emú, ñandú, avestruz, serpes, geckos e insectos pao. Distintos tipos de plumas: Pavo real, faisán, emú, ñandú, ánades, etc. Distintos tipos de mudas: Insectos, serpes, tartarugas, lagartos, arañas, etc. Distintos tipos de insectos mortos: Insectos pao, insectos codea, carábidos, etc. Distintos tipos de cornamentas. Gamo, cervo europeo, cervo chinés, muflón, etc. Distintas pegadas elaboradas en escaiola: Tigre, oso, gamo, cervo, orix, etc. 6. Visión da ría de Vigo dende o miradoiro da Madroa. A xeomorfoloxía da ría. Riqueza. Correntes. A cidade de Vigo. A contaminación e a problemática do aumento da poboación.



Exp. 6348/12

	7. Os animais nocturnos. Comportamento, alimentación, orientación, etc. 8. Os rastros dos animais: pegadas e contrapegadas. 9. O bosque autóctono. As árbores introducidas. O uso do monte. As especies de árbores máis representativas. 10. Reptilario, bolboretario e museo: As cores no mundo animal: protección, defensa, hábitat, comunicación. Morfoloxía animal, forma e función do corpo. Estratexias defensivas, comportamento, presenza ou ausencia de veneno. Bolboretas, aves, bosque tropical. A historia de vigozoo. 11. Enriquecemento ambiental. Porqué se realiza. Técnicas empregadas no zoo. Comportamento dos animais. 12. Obradoiros e manualidades variadas. Psicomotricidade. O microscopio. 13. Os animais do parque en xogo. 14. Deporte e xogos tradicionais.
Descrición da actividade	O primeiro día da acampada, realizaranse xogos de presentación e formaranse os grupos por idades. Durante toda a semana faranse diferentes actividades: xogos, deportes, obradoiros, visita con enriquecemento ambiental, roteiros, visita das instalacións interiores e colaboración cos coidadores, actividades nocturnas etc. en función das condicións meteorolóxicas.
Duración	Entrada dos participantes ás 10:00 do luns ata as 18:00 do venres seguinte.
Calendario	Meses de xuño, xullo e agosto
Recursos didácticos	-Os animais do parque. -A cartelería específica e educativa existente. -Nocturama. -Tendas de campaña. -Miradoiro da Madroa. -Parque forestal do monte Vixiador. -O material propio do xogo de pistas. -Caderno didáctico do monitor. -Cartelería propia do parque. -Mochila do monitor con material biolóxico de mostra (mudas, ovos, corpos, etc.). -As diferentes aulas do parque e o seu material propio.
Actividades alternativas ou de apoio.	-Xogos de mesa. -Xogos de interior
Criterios de avaliación	1. Coñecer os pormenores do coidado dos animais, mostrando actitudes de respecto cara eles 2. Participar activamente nos xogos e actividades propostas, mostrando actitudes de respecto polos monitores, os compañeiros e polo medio natural 3. Definir conceptos como biodiversidade, extinción de especies e especies invasoras, aplicándoos á vida diaria. 4. Interiorizar, mediante a práctica, as técnicas dos diferentes deportes practicados. 5. Asumir responsabilidades básicas relacionadas co coidado personal (aseo, orde, coidado da roupa...) e coa convivencia (cumplimento de horarios, coidado do material, etc.). 6. Valorar as normas para convivir cun grupo de xente allea á familia. 7. Aprender a montaxe dunha tenda de campaña.
Avaliación	A avaliación será continua no transcurso da acampada, mediante a observación directa e preguntas cando sexa posible. Ao remate da semana, os responsables dos participantes cubrirán unha enquisa avaliativa.
Divulgación	Correo electrónico, comunicados e rolda de prensa, cartelería e folletos dentro e fora do parque, boletín de actividades de verán da casa da xuventude de Vigo e publicación na propia páxina web corporativa.

Exp. 6348/12

PROGRAMA “CLUB DE VACACIÓNS”

Este programa está destinado a nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, como oferta de ocio educativo nos periodos de vacacións escolares: nadal, entroido e semana santa. As necesidades das familias hoxe en día, cuxos dous membros traballan, vense incrementadas nos periodos vacacionais. Deste xeito, o servizo do club vacacional móstrase imprescindible dentro da oferta municipal.

PROGRAMA “LUDOTECA DE NADAL”

O Nadal é unha data especial, que os rapaces e rapazas viven con especial ilusión. Co obxectivo de formar parte dese sentimento, a ludoteca de Nadal pretende fomentar o amor polos animais, con actividades especiais propias desta época do ano como o deseño de postais.

<i>Programa Ludoteca de Nadal</i>	
Nome	“Ludoteca de Nadal”.
Tipoloxía	Actividade múltiple (Visita guiada, obradoiro, animación, manualidades, etc.)
Localización	Múltiples localizacións dentro do parque zoolóxico.
